

Se Celso Emilio fose punki

Xosé Manuel Eyré

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2011 [2009]). “Se Celso Emilio fose punki”. *A Nosa Terra*: 1360 (21 de maio), 32. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/504>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

EYRÉ, XOSÉ MANUEL (2009). “Se Celso Emilio fose punki”. *A Nosa Terra*: 1360 (21 de maio), 32.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Se Celso Emilio fose punki

Manual da destrución

Autor: Samuel L. París.

Edita: A Regueifa, 129 pp.

Eh, señora, élle de balde esta poesía sabedora, que diría Xurxo Souto. Atoparaa en A Regueifa (aregueifanetlabel.blogspot.com/2008/04/samuel-l-paris-manual-da-destrucion-2008.html),

o seu é o mundo da música mais tamén atenden á república das letras.

Continuando con esta mínima revisión que estamos efectuando ao discurso literario no soporte dos tres www, queremos pararnos hoxe neste título de Samuel L. París.

Por que tanta poesía? Para o creador, internet resulta de doado acceso e unha plataforma rápida na cal verquer os seus traballos. Dos xéneros literarios clásicos, a poesía é un dos que mellor se axeitan ás esixencias da lectura virtual e ao espazo no cal se materializa, caracterizados pola brevidade e intensidade. Debemos engadir, porén, que a inmensa maioría son títulos que se publican como fórmula alternativa á tradicional. Prodúcese unha mudanza de soporte, fundamentalmente, tamén de tipo de lectura, mais este aspecto resulta aínda pouco coñecido, estudado e divulgado. O cal sinala, á súa vez, que, na actualidade, as novas ferramentas expresivas que internet proporciona, non foron aínda nin asimiladas nin coñecidas suficientemente. Nin polos creadores, nin pola crítica. Mentres os lectores xa gozan destas expresións cada vez menos marxinais. É de agardar que dunha vez e convencidamente, a crítica literaria admita entre os



Samuel L. París.

discursos plenamente literarios as presentacións en power point, como exemplo urxente.

Logo desta consideración inicial, comecemos a debullar o *Manual da destrución* de Samuel L. París. Comezando polo título. A palabra destrución remítenos a esa cultura amedoñada do cambio de mentalidade, do cambio de valores e maneira de pensar que vivimos. Este cambio provoca medo porque non se coñece ben a alternativa, de aí que se tematicice a destrución en lugar da creación. Por que se estes tempos “destrúen”

un sistema cultural, de valores e modo de pensar, tampouco se pode negar que á vez están creando un novo sistema. Tal como a semana pasada Raida Rodríguez (*Máquina de guerra*) se declaraba en guerra cun estado de cousas, cunhas manifestacións vitais, opresivas, este *Manual de destrucción* responde a unha percepción similar, é unha outra resposta, emitida nunha clave cultural e literaria moi diferente. Se na poesía de Raida resultaba doadamente perceptíbel o tecido da manta cultural que a arroupa (así rapidamente: Chus Pato, Deleuze-Guttari, Oriana Méndez, Ingeborg Bachman, María Lado), a de Samuel

víndicase convencidamente á expresión cultural popular. De feito, do sistema cultural herdado, a Samuel L. París o que máis útil lle resulta é o emprego de certas ferramentas que lle permiten crear o seu discurso.

Os xogos de palabras, xogos coa lingua desde as relacións de oposición ou contraste mais tamén das relativas á proximidade (de significantes e tamén de significados) son a arma e estratexia basilar mediante a cal o autor destrúe esa realidade opresora. Manipular a linguaxe equivale a manipular a realidade, e

”
Os xogos de palabras, xogos coa lingua, son a arma e estratexia basilar”

nesa manipulación tamén están presentes outros xogos como a aférese, síncopa, composición e descomposición de palabras. Estratexia e arma que indican unha actitude rebelde e crítica diante dunha sociedade percibida como inxusta, opresora e cínica. Un tipo de actitude doadamente asimilábel ao que no eido da música se deixa escoitar na punki, e que como a dos punkis teima en reforzar os vencellos que a unen aos escenarios cotiáns e populares (nomeadamente aqueles lugares onde se expenden bebidas e/ou soa música, por demais da propia morada e contacto cos seres máis próximos, familia ou non)

á vez que amosan o seu rexeitamento dunha sociedade que os condena, por toda posibilidade, a contemplar como os esmaga e lles veta seren eles mesmos. Como a sociedade non lles deixa outra saída que armarse de ironía, para cuspirlle na cara quen teña atrevemento. Isto ou procurar praceres efémeros que sempre resultan frustrantes, tal por exemplo a procura do pracer sexual en lugar do amor, que tamén é moi dado a poñer cambadelas traidoras.

Tal estado de confusión, por demais, leva a voz poética (logo dun inicio no que se tematizan a antropoloxía, a sociolingüística, o transporte, o turismo, as infraestruturas, a sanidade, a xuventude, os medios de comunicación, a cultura, o ocio ou a política) a confirmarse recuncando en aspectos temáticos moi próximos (erotismo; historia e histeria; curas, putas e marxismo, violación do espírito de Ermua; antifascismo...), con pingas de certo romanticismo posmoderno e sen deixar de mesturar o sublime co cotián, co sexo e a tolemia.

Posteriormente, xa na parte final, evolucionará cara á tentativa de construír unha historia. Tentativa, tamén infrutuosa, que volverá recluir a voz poética nos lindes sensoriais, teóricos e textuais dunha sensación de abatemento ou cansazo vital que semella eterna. A confusión de soportes para dar conta de historias, é tamén outro aspecto revelador que non se debe pasar por alto, sobre todo na parte final, onde o texto está moi próximo ao microconto. Se non é microconto débese unicamente a que a actitude do emisor así nolo presenta. E quizá sexa esa mesma actitude, rebelde inclusive co que escribe, a que leva o autor a incluír algúns poemas menores. Mais teña o lector ou lectora a seguranza de que non han faltar momentos nos que o sorriso se lle pinte nos beizos, no entendemento, no corazón e na esperanza, a ocorrencia nunca desaparece. Ah, se Celso Emilio Ferreiro chegara a ser punki... ●

X.M. Eyré